



A non perder:

Mercado entre Lusco e Fusco
Venda de produtos frescos, todos os martes á tardiña nas terrazas do Parque de Belvís.

Feira da Primavera
Mercado de artesanías e comercio tradicional (un sábado en Abril / Maio).

Cacharela de San Xoán
Unha das máis populares e tradicionais fogueiras e sardiñadas da cidade (23 de Xuño).

Festas do barrio de San Pedro
Ainda que recentes, estas festas son hoxe un referente do inicio do verán na cidade (última semana de Xuño).



Onde facer as túas compras

- Tejidos Lúa** San Pedro 3
- Librería Papelería S. Pedro** San Pedro 11
- Naípe** San Pedro 14
- Calzados Suso** San Pedro 19
- Rique Fashion** San Pedro 33
- Jacobo Rivas, Taller Xoiería** San Pedro 38
- Regalos Anubis** San Pedro 39
- Confecciones Celsa** San Pedro 42
- Mundo Juvenil** San Pedro 46
- Ferretería A Rúa** San Pedro 52
- Droguería Alfonso** Cruceiro de San Pedro 13
- Lencería Luisa** San Pedro 53
- Viste os sonhos** San Pedro 62
- Amarante Comercio Xusto** San Pedro 67
- aZoca: 2ª man** San Pedro 69
- Yumana Moda** San Pedro 74
- Droguería S. Pedro** San Pedro 76
- Floristería Embora** San Pedro 65
- Papelería Blanco** San Pedro 78
- Como pez en el agua** San Pedro 79

- Lencería Zalea** San Pedro 81
- Madeixas** San Pedro 86
- Sarela moda** San Pedro 112
- Bazar Chino** San Pedro 122
- El Taller de Fer** San Pedro 109
- Obradoiro Noroeste** San Pedro 120
- Carlín** Concheiros 7
- Don Euro** Concheiros 16
- Hairspring** Concheiros 27
- Floristería Noelia** Concheiros 29
- Kiosko Concheiros** Concheiros 39
- Hiper China** Concheiros 39
- Lihubema Tecnoloxías** Concheiros 39
- Cuadros Asorey** Concheiros 45
- Casa de la Zapatilla** Concheiros 56
- Librería Papelería Palacios** Concheiros 66
- Joyería F. Munín** Angustia 7
- Electr. García Compostela** Angustia 17
- Org. Artística Santiaguesa** Angustia 22
- Decort & Art** Rodríguez de Viguri 11
- Bazar Chino** Rodríguez de Viguri 19

- Bodegas La Cepa** Avda. de Lugo 189
- Fotografía Paco Rocha** Avda. de Lugo 195
- Altaira** Avda. de Lugo 199
- Ofixiz** Avda. de Lugo 209
- O Zapatazo** Avda. de Lugo 263
- Chimpos** Quiroga Palacios 39
- Kiosco Papelería Retrincos** Quiroga Palacios 52
- Ferretería Antonio** Quiroga Palacios 71
- Nudos-Sarela** Avda. de Lugo 273
- Cristalería Novo** Home Santo 41
- Librería Pedreira** Home Santo 55
- Mercería Encarnita** Costa do Vedor 50
- Kiosco Papelería Burbullas** Betanzos 2
- Onde comer, tomar un café ou un viño**
- Ámbitus Veter** Aller Ulloa 3
- Petiscos** Aller Ulloa 7
- Candinga** Aller Ulloa 8
- Casa da Marquesa** Costa San Domingos 2
- Casa Arce** Cruz de San Pedro 2
- Porta do Camiño** San Pedro 2
- Herrma Confeiterías** San Pedro 3

- O Catro** San Pedro 4
- Café Rodeiro** San Pedro 5
- Coffee Pop** San Pedro 9
- O Dezaseis** San Pedro 16
- Casal do Cabildo** San Pedro 18
- La Barrika** San Pedro 21
- Restaurante A Rúa** San Pedro 24
- O Afador** San Pedro 28
- A Moa** San Pedro 32
- Bar Sande** San Pedro 35
- Bar Esquina** San Pedro 56
- Newroz Donner Kebab** San Pedro 72
- Próspero's Café** San Pedro 118
- Bar O Cruceiro** San Pedro 119
- Churrería S. Pedro** San Pedro 121
- Bar Rei** Concheiros 18
- O Tranquilo** Concheiros 26
- Bar Tumba** Concheiros 24
- Bar O Tranquilo** Concheiros 30
- O 31** Concheiros 31
- Bar Tabacos** Concheiros 33

- Pizzeria Bocalino** Home Santo 24
- Café de Inés** Rodríguez de Viguri 37
- Mesón A Roda** Rodríguez de Viguri
- Café Bar Costa Brava** Quiroga Palacios 41
- Dos Eles** Angustia 4
- Restaurante Bonaval** Bonaval 2
- Merlego** Angustia 22
- Bar Chango** Home Santo 33
- Café das miñas netas** Home Santo 48
- Café Bar Oroña** Home Santo 51
- Bar Caraveliños** Home Santo 60
- Tapería Lalín** Avda. de Lugo 197
- Café Bar Leni** Batalla de Clavijo 2
- Panaderías e Alimentación**
- A Colleita** San Pedro 7
- Panadería R. de San Pedro** San Pedro 12
- Alimentación Carmiña** San Pedro 54
- Panadería Trigal** Cruceiro de San Pedro 14
- Carnicería Gina** San Pedro 53
- Froitería DOI** San Pedro 57
- Panadería Moure** San Pedro 68

- Hipescar** San Pedro 102
- Pastelería Suevía** San Pedro 111
- Pescadería Mari Carmen** Rodríguez de Viguri 98
- Hiper Fruit** San Pedro 98
- O Secreto** Angustia 4
- Pescadería froitería** Concheiros 11
- Hiperxel** Concheiros 37
- Panificadora S. José** Concheiros 40
- Gadis** Concheiros 62
- Supermercado Día** Home Santo 51
- Autoservicio TEO** Quiroga Palacios 29
- AutoServicio Luis** Quiroga Palacios 29
- Frutas Sita** Quiroga Palacios 57
- Autoservicio Melia** Quiroga Palacios 69
- Carnicería Méndez** Home Santo 43
- Alimentación Rodríguez** Home Santo 49
- Perruquerías**
- Perruquería Crikas** Rúela Fontiñas 1
- Perruquería Milenio** San Pedro 9
- Perruquería Isaac Moure** San Pedro 25
- Perruquería M & M** San Pedro 100

- Perruquería Susos** San Pedro 115
- Perruquería Chelo Rozas** San Pedro 97
- Marisol Salgueiro** Cruz de San Pedro 1
- Angel y Raquel** Home Santo 74
- Salón Belleza Carlo** Concheiros 20
- Luchy Baleato** Concheiros 36
- Perruquería Patricia** Quiroga Palacios 44
- Diude Perruqueiras** Rodríguez de Viguri 43
- Peluquería Pili Rey** Avda. de Lugo 163
- Perruquería Dorian** Betanzos 15
- Outros servizos**
- Obradoiro San Pedro 10** San Pedro 10
- O Velocipdo** San Pedro 23
- Adm. Loterías** San Pedro 34
- Autoescuela Mata** San Pedro 47
- A Costureira** San Pedro 89
- Autoescuela Sta. Eulalia** San Pedro 96
- Ciber San Pedro** San Pedro 93
- Pampin Rep. Calzado** San Pedro 114
- Locutorio Lambetadas** Angustia 1
- Imprenta San Martín** Concheiros 11

- Nacex Mensaxería** Avda. de Lugo 193
- Unipost** Avda. de Lugo 207
- Imprenta Brasil** Avda. de Lugo 215
- Centro Starben** Avda. de Lugo 219
- Saúde**
- A Casa do pé** San Pedro 29
- Triskel Terapias Manuais** San Pedro 30
- Natur House** Concheiros 52
- Óptica M&S** San Pedro 41
- Óptica Camiño** Concheiros 17
- Clínicas Dentais**
- Clínica dental** Aller Ulloa 1
- Clínica dental** Home Santo 37, 2º
- Clínica dental** Concheiros 40, 1º
- Clínica dental** Rodríguez de Viguri 17, 2
- Estancos**
- Estanco San Pedro** San Pedro 44
- Estanco Concheiros** Concheiros 33
- Estanco Rdz. de Viguri** Rodríguez de Viguri 41



cofinancia



cofinancia



organiza



colabora



textos de historia deseño jorguefuentes.net

Barrio de San Pedro



A monumentalidade do cotián: O Barrio de San Pedro

Situado xusto na entrada de Compostela polo Camiño Francés, o barrio de San Pedro é case tan antigo como a cidade mesma e a súa personalidade histórica está marcada pola súa situación na periferia urbana.

Peregrinos, viaxeiros, mercadores, exércitos, artesáns ou labregos habitaron estas rúas e foron dotándoos dun carácter e sabor que contrasta coa seriedade e suntuosidade do centro histórico. O conxunto ten a monumentalidade que nace da longa convivencia do popular e do señorial, do antigo e o moderno; a súa é a grandeza que nace do sinxelo.

01 Porta do Camiño

O barrio de San Pedro nace como un arrabalde alén da muralla urbana. Os que seguían o Camiño Francés chegaban á cidade por esta porta, que era a máis transitada, pero tamén por aquí entraban os labregos e a veciñanza cara ao mercado. Noutro tempo houbo aquí algunhas actividades perigosas ou insalubres como os traballos do coiro, os alpendres dos ferreiros, o matadoiro, etc., que co tempo foron marchando.

02 Rúa de San Pedro

Constitúe o último tramo do Camiño antes de chegar á cidade amurallada. Por este motivo, a Rúa de San Pedro foi, e segue sendo, a principal arteria do barrio. Ten un trazado sinuoso que reflicte o seu pasado e que resulta axeitado a unha contorna na que conviviron as vivendas de artesáns coas casonas dos comerciantes e fidalgos. Hoxe mantén ese sabor popular e o dinamismo doutros tempos nos que era a principal ruta de entrada e saída da cidade.

03 Praza de San Pedro

O antigo mosteiro de San Pedro de Fóra deu nome a este barrio e na contorna desta praza estaban a súa igrexa -que era máis ampla que a actual- e as dependencias monásticas. O vello templo medieval case deu en ruína e non foi ata o século XIX cando se construíu o actual, aproveitando o pouco que quedaba do anterior.

04 Pazo de Belvís e Capela de San Antonio

Fóra das murallas da cidade houbo moitas casonas coma esta na que a vivenda señorial se completaba cunha horta. Construído no século XVII, o “pazo grande de Belvís”, é un edificio austero coroado polas armas dunha das familias fidalgas que o habitou (os Durán Figueroa). Ao seu carón está a capela de San Antonio (s. XVIII) e nos seus arredores houbo ata o século XX unha carballeira na que se celebraba unha famosa romaxe.

05 Santa María de Belvís

Foi fundado no século XIV; acolleu tradicionalmente as fillas da burguesía compostelá, de aí o seu carácter humilde. Este feito reflicte na súa arquitectura, que respira austeridade. Foi remodelado nos séculos XVII e XVIII, baixo as ordes dos máis relevantes arquitectos daquel tempo, pero a igrexa conserva aínda parte do edificio orixinal (recoñecible polo teito de madeira).

A magnífica capela maior acolle unha imaxe da Virxe do Portal, cuxa aparición nos alicerces do edificio se considerou milagrosa; obxecto de gran devoción, tanto a Virxe como a fonte milagreira que hai no exterior do convento eran protagonistas dunha gran romaría nos primeiros días de setembro.

06 Seminario Menor

Este edificio de aspecto antigo foi construído en realidade a mediados do século XX. É un exemplo da arquitectura rexionalista, que actualiza a tradición construtiva galega recorrendo aos materiais e formas típicos de Galicia.

07 Centro Sociocultural da Trisca

Esta pequena xoia da arquitectura contemporánea foi deseñada por John Hejduk. Rematado en 2001, o conxunto lembra no exterior e no interior a proa dun barco. Paga a pena visitar o relevo “A voda española”, na pranta baixa, que rezuma movemento e ledicia, e a terraza panorámica, con singulares vistas sobre a contorna.

08 Rúa dos Lagartos

Esta rúa e as adxacentes nacen como derivacións da rúa de San Pedro seguindo os camiños que levaban ao río Sar, ás hortas, etc., de aí o seu trazado labiríntico. Co tempo, no lugar das vellas casas construíronse outras novas que aínda hoxe respectan o antigo vieiro.

09 Capela da Nosa Sra. da Angustia

O conxunto do Campo da Angustia (Capela, fonte, adro e cruzeiro) é un lugar de moito encanto. A capela é un edificio elegante e a construción actual veu substituír a outra medieval que serviu para santificar o terreiro no que se enterraban os condenados a morte e outros desgraciados que non podían descansar en terra sagrada.

Aquí ten a súa sede a Confraría da Nosa Señora da Quinta Angustia, a máis antiga da Semana Santa compostelá e profundamente arraigada neste barrio.

10 Rúas da Angustia, Rosario, Bonaval

Este conxunto de rúas está conformado por vivendas tradicionais e foi unha das rutas alternativas dos peregrinos e viaxeiros que chegaban á cidade. No tramo final, nun recuncho, está o Pórtico da Virxe de Bonaval (s. XIV), que daba acceso ao convento. Ten unha fermosa imaxe da Virxe coa inscrición: *Esta imagee he aquí posta alma de Iohan Tuorum era MCCCCLVIII*, que fai mención á lenda do Home Santo de Bonaval, cuxa honra salvou a Virxe milagrosamente neste mesmo lugar.

11 San Domingos de Bonaval

Segundo a tradición, este convento foi fundado polo propio San Domingos no século XIII. A igrexa conserva boa parte da feitura gótica e os sartegos de donas e cabaleiros de liñaxes fidalgas compostelás; acolle varias capelas do s. XVII, San Xacinto, do Rosario e de San Vicente Ferrer, así como a de San Domingos en Suriano (hoxe Panteón de Galegos Ilustres).

As antigas dependencias monásticas acollen hoxe o Museo do Pobo Galego, coa mellor colección dedicada á cultura tradicional galega e cunha insólita escaleira de espiral tripla deseñada por Domingo Antonio de Andrade (s. XVII-XVIII).

12 Centro Galego de Arte Contemporánea

Deseñado polo arquitecto portugués Álvaro Siza, este edificio introduce a arquitectura de vangarda no centro histórico. O CGAC non é un museo ao uso, senón un centro de referencia para amosar as tendencias máis actuais da arte galega e internacional.

